

Publicación da relación de respostas correctas e do cuestionario correspondentes ao primeiro exercicio do proceso selectivo para a provisión en propiedade de doce (12) prazas de ADMINISTRATIVO/A da escala de administración xeral, subgrupo C1, mediante o sistema de oposición.

Ao abeiro do disposto no apartado 3.3 da base específica sexta que rexe o proceso selectivo de referencia, faise pública a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas no primeiro exercicio, que tivo lugar o día 6 de xullo de 2024.

As persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido, e ao cadro respostas correctas, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello de Santiago.

1	C	16	D	31	C	46	D	RESERVA	
2	C	17	D	32	C	47	D	61	C
3	B	18	B	33	D	48	A	62	D
4	D	19	C	34	A	49	C	63	A
5	C	20	D	35	A	50	D	64	A
6	B	21	A	36	C	51	A	65	C
7	B	22	A	37	B	52	A		
8	B	23	B	38	C	53	C		
9	C	24	A	39	B	54	C		
10	B	25	B	40	D	55	A		
11	B	26	A	41	B	56	B		
12	A	27	B	42	A	57	C		
13	A	28	C	43	D	58	B		
14	B	29	D	44	B	59	C		
15	D	30	B	45	A	60	C		

1. Segundo o artigo 48 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, os funcionarios públicos terán o seguinte permiso:

- A) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao e segundo grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes
- B) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo de dous meses
- C) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes
- D) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro e segundo grao, o funcionario terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo de dous meses

2. De acordo co artigo 53 da Constitución Española de 1978:

- A) Os dereitos recoñecidos no Capítulo primeiro do Título I vinculan a todos os poderes públicos
- B) Os dereitos e liberdades recoñecidos no Capítulo primeiro do Título I vinculan a todos os poderes públicos
- C) Os dereitos recoñecidos no Capítulo segundo do Título I vinculan a todos os poderes públicos. Só por lei, que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial, poderá regularse o exercicio de tales dereitos e liberdades, que se tutelarán de acordo co previsto no artigo 161.1.a)
- D) Os dereitos recoñecidos no Capítulo segundo do Título I vinculan a todos os poderes públicos. Só por lei, que en todo caso deberá respectar o seu contido esencial, poderá regularse o exercicio de dereitos e liberdades, que se tutelarán de acordo co previsto no artigo 161.2.b)

3. Que tipo de norma aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia?:

- A) Un real decreto
- B) Unha lei orgánica
- C) Unha lei ordinaria
- D) Un decreto-lei

4. De acordo co artigo 19 do Tratado da Unión Europea, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea comprenderá:

- A) O Tribunal de Recursos e o Tribunal de Apelacións
- B) O Tribunal Xeral, o Tribunal de Apelacións e os tribunais especializados
- C) O Tribunal Xeral e o Tribunal de Recursos
- D) O Tribunal de Xustiza, o Tribunal Xeral e os tribunais especializados

5. Segundo o artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo en que debe interporse o recurso extraordinario de revisión cando aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida, é:

- A) Seis meses seguintes á data da notificación da resolución impugnada
- B) Un mes a contar desde o coñecemento dos documentos ou desde que a sentenza xudicial quedou firme
- C) Tres meses a contar desde o coñecemento dos documentos
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

6. Segundo o Estatuto de Autonomía para Galicia, durante o mandato dos membros do Parlamento de Galicia non poderán ser detidos nin retidos por actos delituosos cometidos no territorio de Galicia, senón en caso de flagrante delito, correspondendo decidir sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuízo:

- A) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou á Audiencia Nacional, dependendo da gravidade dos feitos
- B) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
- C) Ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ou ao Tribunal Supremo, dependendo da gravidade dos feitos
- D) Ao Tribunal Supremo

7. Segundo o artigo 15 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados nun procedemento tramitado pola Administración Xeral do Estado que se dirixen a órganos da devandita administración con sede no territorio dunha Comunidade Autónoma que teña lingua cooficial:

- A) Deberán utilizar o castelán
- B) Poderán utilizar o castelán e a lingua que sexa cooficial nela
- C) Poderán utilizar o castelán e a lingua que sexa cooficial nela só se son residentes na devandita Comunidade Autónoma
- D) Deberán utilizar, ademais do castelán, a lingua que sexa cooficial nela

8. Segundo o artigo 9.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as Administracións Públicas están obrigadas a verificar a identidade dos interesados no procedemento administrativo:

- A) Mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no padrón municipal
- B) Mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten no Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo equivalente
- C) Mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que se acrediten notarialmente
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

9. Segundo o artigo 143 da Constitución Española de 1978, a iniciativa do proceso autonómico iniciada polas Deputacións, órganos interinsulares e municipios, en caso de non prosperar, só poderá reiterarse pasados:

- A) Seis meses
- B) Dous anos
- C) Cinco anos
- D) Tres anos

10. Segundo o artigo 4.1 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao artigo 5.1.d) do Regulamento (UE) 2016/679 os datos serán:

- A) Actualizados e, se fose posible, exactos
- B) Exactos e, se for necesario, actualizados
- C) Exactos e actualizados
- D) Exactos e, se fose posible, actualizados

11. Segundo o artigo 47 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

- A) As entidades locais poderán atribuír aos seus organismos autónomos o establecemento dos prezos públicos correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, salvo cando os prezos non cubran o seu custo
- B) As entidades locais poderán atribuír aos seus organismos autónomos a fixación dos prezos públicos, por ela establecidos, correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, salvo cando os prezos non cubran o seu custo
- C) As entidades locais poderán atribuír aos seus organismos autónomos o establecemento e a fixación dos prezos públicos correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, salvo cando os prezos cubran o seu custo
- D) As entidades locais poderán atribuír aos seus organismos autónomos o establecemento e a fixación dos prezos públicos, por ela establecidos, correspondentes aos servizos a cargo dos devanditos organismos, en todo caso

12. Segundo o artigo 75.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario:

- A) Poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar
- B) Poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, dependendo da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar
- C) Unicamente poderá basearse na solvencia e medios propios
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

13. O trámite de audiencia regulado no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, encádrase na fase de tramitación do procedemento administrativo:

- A) Dentro da instrución do procedemento
- B) Dentro da finalización do procedemento
- C) Dentro da ordenación do procedemento
- D) Dentro da iniciación do procedemento

14. Segundo o artigo 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o prazo máximo no que deberá recaer a adxudicación nun procedemento aberto cando o único criterio de selección do adxudicatario sexa o prezo é de:

- A) Dous meses a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións
- B) Quince días a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións
- C) Un mes a contar desde o seguinte ao de apertura das proposicións
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

15. Segundo o artigo 11.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a formalización das encomendas de xestión axustarase ás seguintes regras:

- A) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos administrativos ou Entidades de Dereito Público pertencentes á mesma Administración formalizárase mediante firma do correspondente convenio entre os órganos ou Entidades de Dereito Público intervenientes
- B) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e Entidades de Dereito Público de distintas Administracións deberá formalizarse nos termos que estableza a súa normativa propia e, na súa falta, por acordo expreso entre os órganos ou Entidades de Dereito Público intervenientes
- C) No suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabildos ou Consellos insulares, a encomenda de xestión rexerase pola lexislación autonómica
- D) A resposta A, B e C son incorrectas

16. Segundo o artigo 140 da Constitución Española de 1978, non é certa unha das seguintes afirmacións referida aos municipios:

- A) Os concelleiros son elixidos polos veciños do municipio, mediante sufraxio universal, libre, igual, directo e segredo
- B) Os alcaldes serán elixidos polos concelleiros ou polos veciños
- C) O goberno e administración dos municipios corresponde aos seus respectivos Concellos
- D) Os municipios gozarán de personalidade de obrar plena

17. Segundo o artigo 47 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, son nulos de pleno dereito:

- A) Os actos administrativos que lesionen calquera liberdade ou dereito
- B) Os actos que incorran en calquera defecto de forma
- C) Os actos que sexan constitutivos de infracción civil
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

18. De acordo co artigo 49 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración autonómica fomentará a docencia, o estudo e a investigación das cuestións de xénero e as relativas á igualdade entre mulleres e homes no ámbito da educación superior e, a estes efectos, promoveranse, entre outras posibles, as seguintes accións:

- A) Apoiar, a través do establecemento de políticas de xénero, o traballo das mulleres no ámbito da investigación
- B) Visibilizar as achegas das mulleres nos ámbitos científico e técnico ao longo da historia e na actualidade, tanto daquelas mulleres de recoñecido prestixio profesional e de carreira consolidada como do talento emerxente
- C) Garantir que os períodos de tempo dedicados polo persoal docente e investigador aos estudos de xénero non repercutan negativamente na súa vida profesional
- D) Implementar axudas, bolsas, programas ou premios para fomentar as vocacións femininas en todas as titulacións universitarias

19. Segundo o artigo 34 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nos casos de responsabilidade patrimonial aos que se refiren os apartados 4 e 5 do artigo 32, serán indemnizables os danos producidos no prazo de:

- A) Os dez anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa
- B) Os oito anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa
- C) Os cinco anos anteriores á data da publicación da sentenza que declare a inconstitucionalidade da norma con rango de lei ou o carácter de norma contraria ao dereito da Unión Europea, salvo que a sentenza dispoña outra cousa
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

20. Segundo o artigo 11 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, o Portal da Transparencia conterá información publicada de acordo coas prescricións técnicas que se establezan regulamentariamente, e non deberán adecuarse a un dos seguintes principios:

- A) Accesibilidade
- B) Interoperabilidade
- C) Reutilización
- D) Non gratuidade

21. De acordo co artigo 41 da lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, o currículo de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas aos obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- A) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente e co reflexo adecuado do papel das mulleres na evolución histórica
- B) A incorporación na aprendizaxe de métodos colaborativos para a eliminación de conflitos e de modelos de convivencia afastados dos estereotipos de xénero
- C) A garantía dunha achega económica da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro dos seus orzamentos e competencias propias, que permita un efectivo desenvolvemento das políticas de igualdade
- D) As respostas A, B e C son correctas

22. Segundo o artigo 21.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo para a notificación da resolución expresa dun procedemento, fixado pola norma reguladora dese procedemento:

- A) Non poderá exceder de seis meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea
- B) Non poderá exceder de tres meses salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea
- C) Non poderá exceder dun mes salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

23. Segundo o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, todos os municipios deberán prestar os servizos de:

- A) Biblioteca pública
- B) Pavimentación das vías públicas
- C) Tratamento de residuos
- D) Protección civil

24. Segundo o artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados que non estean obrigados a recibir notificacións electrónicas:

- A) Poderán decidir e comunicar en calquera momento á Administración Pública que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos
- B) Deberán decidir e comunicar á Administración Pública, antes do inicio do expediente, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos
- C) Deberán decidir e comunicar á Administración Pública, antes da firma da proposta de resolución do expediente, que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicarse por medios electrónicos
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

25. Segundo o artigo 136.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procederá á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de:

- A) 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, incluído o valor do solo
- B) 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo
- C) 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 50% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, incluído o valor do solo
- D) 1.000 a 10.000 euros, reiterables semestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 50% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo

26. Segundo o artigo 126 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a Secretaría da Xunta de Goberno Local nos municipios de gran poboación corresponderá a:

- A) Un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro, designado polo Alcalde, quen redactará as actas das sesións e certificará sobre os seus acordos
- B) Un funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional
- C) O secretario xeral do Pleno
- D) O titular da asesoría xurídica, que será nomeado e separado pola Xunta de Goberno Local

27. Segundo o artigo 69 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, poderán contratar co sector público as unións de empresarios que se constitúan temporalmente ao efecto:

- A) Sempre que se formalicen en escritura pública con anterioridade á adxudicación do contrato ao seu favor
- B) Sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuou a adxudicación do contrato ao seu favor
- C) Sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública en ningún momento
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

28. Segundo o artigo 78 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, son responsables dos acordos das corporacións locais:

- A) Aqueles dos seus membros que os votasen favorablemente ou se abstivesen na votación
- B) Todos os membros presentes na sesión, votáronos ou non favorablemente
- C) Aqueles dos seus membros que os votaron favorablemente
- D) Aqueles dos seus membros que os votaron favorablemente e ademais, en todo caso, o Secretario e o Interventor da Corporación

29. Segundo o artigo 89 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de carácter sancionador, a concorrencia de cal das seguintes circunstancias implicará que o órgano instructor resolva a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución:

- A) Cando os feitos non resulten acreditados
- B) Cando non exista ou non se puido identificar á persoa ou persoas responsables ou ben aparezan exentos de responsabilidade
- C) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa
- D) As respostas A, B e C son correctas

30. Segundo o Anexo I do Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, unha información ou un servizo poden verse afectados nunha ou máis das súas dimensións de seguridade. Cada dimensión de seguridade afectada adscribírase a un dos seguintes niveis de seguridade:

- A) Básico ou avanzado
- B) Baixo, medio ou alto
- C) Básico, medio, alto ou crítico
- D) Moi baixo, baixo, medio, alto ou moi alto

31. Segundo o artigo 13.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que se poidan fusionar dous municipios:

- A) Han de pertencer á mesma Comunidade Autónoma e ter unha poboación semellante
- B) Han de ser lindeiros, pertencer á mesma provincia e ter unha poboación semellante
- C) Han de ser lindeiros e pertencer á mesma provincia
- D) Han de ser lindeiros e compartir un servizo básico

32. Segundo o artigo 43.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións por medios electrónicos practícaranse:

- A) Mediante comparecencia na web da Administración ou Organismo actuante
- B) Só a través da dirección electrónica habilitada única
- C) Mediante comparecencia na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante, a través da dirección electrónica habilitada única ou mediante ambos os sistemas, segundo dispoña cada Administración ou Organismo
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

33. Segundo o artigo 27 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os tratamentos de datos referidos a infraccións e sancións administrativas non deben contar co consentimento do interesado ou non deben estar autorizados por unha norma con rango de lei:

- A) Cando os responsables dos devanditos tratamentos non sexan os órganos competentes para a instrución do procedemento sancionador
- B) Cando o tratamento non se limite aos datos necesarios para a finalidade perseguida por aquel
- C) Cando os responsables dos devanditos tratamentos non sexan os órganos competentes para a declaración das infraccións
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

34. Segundo o artigo 141 da Constitución Española de 1978, o goberno e a administración autónoma das provincias están encomendados:

- A) Ás Deputacións ou outras Corporacións de carácter representativo
- B) Ao goberno autonómico
- C) Aos Concellos da provincia
- D) As respostas B) e C) son correctas

35. Segundo o artigo 36 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o prazo para a formulación da proposta de resolución no procedemento para a esixencia da responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas é:

- A) Cinco días a contar desde a finalización do trámite de audiencia
- B) Dez días a contar desde a finalización da práctica das probas
- C) Cinco días a contar desde a finalización da práctica das probas
- D) Dez días a contar desde a finalización do trámite de audiencia

36. O artigo 1 da Constitución Española de 1978 propugna como valores superiores do ordenamento xurídico:

- A) A soberanía nacional reside no pobo
- B) O castelán é a lingua española oficial do estado
- C) O pluralismo político
- D) A autonomía das nacionalidades e rexións que a integran

37. Segundo o Título VI do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os funcionarios de carreira, cando sexan nomeados para desempeñar postos ou cargos en organismos públicos ou entidades, dependentes ou vinculados ás Administracións Públicas que, de conformidade co que estableza a respectiva Administración Pública, estean asimilados no seu rango administrativo a altos cargos, serán declarados en situación administrativa de:

- A) Servizo activo
- B) Servizos especiais
- C) Servizo noutras administracións públicas
- D) Excedencia

38. Segundo o artigo 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a alteración da cualificación xurídica dos bens das entidades locais require expediente no que se acrediten:

- A) A súa legalidade e conveniencia
- B) A súa legalidade e proporcionalidade
- C) A súa legalidade e oportunidade
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

39. Segundo o artigo 167 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o nivel de clasificación de área de gasto nun orzamento municipal corresponde á clasificación:

- A) Orgánica
- B) Por programas
- C) Económica
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

40. Segundo o artigo 123 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos municipios de gran poboación, a formulación de conflitos de competencias a outras entidades locais e outras administracións públicas por parte do Pleno:

- A) É indelegable
- B) É delegable na Xunta de Goberno Local
- C) É delegable en calquera órgano municipal
- D) É delegable nas Comisións

41. De acordo cos artigos 15 e 16 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as ordenanzas fiscais reguladoras do imposto sobre bens inmobles conterán, polo menos:

- A) A determinación do feito imponible
- B) As datas da súa aprobación e comezo da súa aplicación
- C) A determinación do suxeito pasivo
- D) Os réximes de declaración

42. Síñale a resposta incorrecta. En base ao artigo 31.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións, en ningún caso serán gastos subvencionables:

- A) Os gastos financeiros
- B) Os intereses debedores das contas bancarias
- C) As recargas e sancións administrativas
- D) Os gastos de procedementos xudiciais

43. Segundo o artigo 123 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos municipios de gran poboación, requirirase o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno para aprobar:

- A) Ordenanzas xerais
- B) Regulamentos municipais
- C) Ordenanzas fiscais
- D) Regulamentos orgánicos

44. Segundo o artigo 153.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o prazo para a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística en relación coas obras acabadas sen licenza é:

- A) Seis anos a contar desde o inicio das obras
- B) Seis anos a contar desde a total terminación das obras
- C) Oito anos a contar desde a total terminación das obras
- D) Non está suxeita a limitación de prazo

45. Segundo o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos Concellos dos municipios dunha poboación:

- A) De entre 5.001 habitantes e 20.000 habitantes
- B) De entre 5.001 habitantes e 50.000 habitantes
- C) De ata 5.000 habitantes
- D) De máis de 20.000 habitantes

46. Segundo o artigo 9.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os interesados poderán identificarse electronicamente ante as Administracións Públicas a través dos sistemas seguintes:

- A) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de firma electrónica expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”
- B) Sistemas baseados en certificados electrónicos cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na “Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación”
- C) Calquera outro sistema que as Administracións públicas consideren válido nos termos e condicións que se estableza, sempre que contén cun rexistro previo como usuario que permita garantir a súa identidade e previa comunicación á Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital
- D) As respostas A, B e C son correctas

47. Segundo o artigo 86 da Constitución Española de 1978, en caso de extraordinaria e urxente necesidade, que disposición legislativa provisional poderá ditar o Goberno?:

- A) Decreto legislativo
- B) Lei de bases
- C) Lei Orgánica
- D) Decreto-Lei

48. Segundo o artigo 16 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a inscrición no padrón municipal conterá como obrigatorios un dos seguintes datos:

- A) Certificado ou título escolar ou académico que se posúa
- B) Número de teléfono de contacto
- C) Estado civil
- D) Correo electrónico

49. Segundo o artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as Administracións Públicas:

- A) Serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, delegación e coordinación
- B) Serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, delegación, control e coordinación
- C) Serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
- D) Serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos principios de eficacia, descentralización, control e coordinación

50. O servizo de prevención, de acordo co artigo 31.4 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, terá carácter interdisciplinario, debendo os seus medios ser apropiados para cumprir as súas funcións. Para iso, a formación, especialidade, capacitación, dedicación e número de compoñentes destes servizos, así como os seus recursos técnicos, deberán ser suficientes e adecuados ás actividades preventivas a desenvolver, en función das seguintes circunstancias:

- A) Tamaño da empresa
- B) Tipos de risco aos que poidan atoparse expostos os traballadores
- C) Distribución de riscos na empresa
- D) As respostas A, B e C son correctas

51. Segundo o artigo 22 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando deba obterse un pronunciamento previo e preceptivo dun órgano da Unión Europea, o transcurso do prazo máximo para resolver un procedemento e notificar a resolución pode suspenderse polo prazo de:

- A) Polo tempo que medie entre a petición, que haberá de comunicarse aos interesados, e a notificación do pronunciamento á Administración instrutora, que tamén deberá serlles comunicada
- B) Desde que se teña constancia da súa existencia, o que deberá ser comunicado aos interesados, ata que se resolva, o que tamén haberá de ser notificado
- C) Durante o tempo necesario para a incorporación dos resultados ao expediente
- D) Polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario, ou, na súa falta, polo do prazo concedido, todo iso sen prexuízo do previsto no artigo 68 da Lei 39/2015

52. Segundo establece o artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, o prazo para resolver as peticións de licenza desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello é de:

- A) Tres meses
- B) Seis meses
- C) Dous meses
- D) Un mes

53. Segundo o artigo 131 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, nos municipios de gran poboación, o Consello Social da Cidade está integrado por:

- A) Representantes dos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno
- B) Representantes dos partidos políticos
- C) Representantes das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas
- D) Representantes dos grupos políticos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno e das organizacións económicas, sociais, profesionais e de veciños máis representativas

54. Segundo o artigo 96 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os procedementos administrativos tramitados de maneira simplificada constan dunha serie limitada de trámites. Cal dos seguintes non é un deles?:

- A) Informe do servizo xurídico, cando este sexa preceptivo
- B) Informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, cando este sexa preceptivo
- C) Alegacións formuladas ao comezo do procedemento durante o prazo de dez días
- D) Emenda da solicitude presentada, no seu caso

55. Segundo o artigo 36 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os propietarios ou titulares afectados polas obras poderán constituírse en asociación administrativa de contribuíntes e promover a realización de obras ou o establecemento ou ampliación de servizos pola entidade local, comprometéndose a sufragar a parte que corresponda achegar a esta cando a súa situación financeira non o permitise, ademais da que lles corresponda segundo a natureza da obra ou servizo. O artigo 37 establece que para a constitución das asociacións administrativas de contribuíntes a que se refire o artigo 36, o acordo deberá ser tomado por:

- A) A maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, polo menos, os dous terzos das cotas que deban satisfacerse
- B) A maioría absoluta dos afectados, sempre que representen, polo menos, a metade das cotas que deban satisfacerse
- C) A maioría dos afectados, sempre que representen, polo menos, os tres cuartos das cotas que deban satisfacerse
- D) A maioría dos afectados, sempre que representen, polo menos, a metade das cotas que deban satisfacerse

56. Segundo o artigo 54 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, o funcionario público rexeitará calquera agasallo, favor ou servizo en condicións vantaxosas que vaia máis aló dos usos habituais, sociais e de cortesía, sen prexuízo do establecido no Código Penal. O citado artigo considera que este principio é:

- A) Un principio ético
- B) Un principio de conduta
- C) Un principio reitor
- D) Non se regula este principio no RDL 5/2015

57. Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, como deben motivarse os actos que poñan fin aos procedementos de concorrencia competitiva?:

- A) De conformidade co que dispoña a Lei de Contratos do Sector Público, debendo, en todo caso, quedar acreditada a resolución que se adopte conforme ao ámbito competencial
- B) De conformidade co que dispoña a habilitación competencial para a realización do procedemento, debendo, en todo caso, quedar acreditada no procedemento a tramitación, órganos participantes, e resultados finais
- C) De conformidade co que dispoñan as normas que regulen as súas convocatorias, debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos da resolución que se adopte
- D) De conformidade co establecido na Constitución Española, debendo, en todo caso, quedar acreditados no procedemento os fundamentos de feito e de dereito tidos en conta para o resultado final.

58. Segundo o artigo 168.1 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, non forma parte da documentación que debe unirse ao orzamento dunha entidade local:

- A) Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente
- B) Cadro de persoal da Entidade Local
- C) Anexo dos investimentos a realizar no exercicio
- D) Anexo de beneficios fiscais en tributos locais

59. Segundo o artigo 82.1 do Regulamento de bens das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, cando algunha persoa, por propia iniciativa, pretender unha ocupación privativa e normal de dominio público, deberá presentar unha Memoria explicativa da utilización e dos seus fins, e xustificativa de:

- A) A legalidade e conveniencia daqueles respecto do destino do dominio que houber de utilizarse
- B) A legalidade e proporcionalidade daqueles respecto do destino do dominio que houber de utilizarse
- C) A conveniencia e normalidade daqueles respecto do destino do dominio que houber de utilizarse
- D) A legalidade e normalidade daqueles respecto do destino do dominio que houber de utilizarse

60. O artigo 20 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, establece como regra da organización municipal que:

- A) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 5.000 habitantes
- B) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 20.000 habitantes
- C) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos
- D) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno existen en todos os concellos con poboación superior a 10.000 habitantes

PREGUNTAS DE RESERVA

61. Segundo a disposición transitoria única do Real Decreto 141/2024, de 6 de febreiro, polo que se modifica o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, establécese un período transitorio para a posta en marcha do sistema de intercambio de datos en tempo real do padrón municipal:

- A) Ata o 31 de decembro de 2025
- B) Ata o 31 de agosto de 2025
- C) Ata o 31 de agosto de 2026
- D) Ata o 31 de decembro de 2026

62. Segundo o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a disposición normativa reguladora do ingreso público derivado da prestación do servizo de abastecemento de auga nun municipio é, en todo caso:

- A) Un regulamento
- B) Unha ordenanza fiscal
- C) Unha ordenanza xeral
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

63. Segundo o artigo 68 do Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

- A) Os órganos de goberno das Administracións Públicas poderán conceder, con carácter excepcional, a rehabilitación, a petición do interesado, de quen perdese a condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se produciu de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude
- B) Os órganos de goberno das Administracións Públicas poderán conceder, con carácter xeral, a rehabilitación, a petición do interesado, de quen perdese a condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se produciu de forma expresa, entenderase desestimada a solicitude
- C) Os órganos de goberno das Administracións Públicas poderán conceder, con carácter excepcional, a rehabilitación, a petición do interesado, de quen perdese a condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se produciu de forma expresa, entenderase estimada a solicitude
- D) Os órganos de goberno das Administracións Públicas poderán conceder, con carácter xeral, a rehabilitación, a petición do interesado, de quen perdese a condición de funcionario por ser condenado á pena principal ou accesoria de inhabilitación, atendendo ás circunstancias e entidade do delito cometido. Se transcorrido o prazo para ditar a resolución, non se produciu de forma expresa, entenderase estimada a solicitude

64. Segundo o artigo 19.2 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, cando a solicitude de acceso á información pública non identifique de forma suficiente a información que se require:

- A) Pedirase ao solicitante que a concrete nun prazo de dez días, con indicación de que, en caso de non facelo, teráselle por desistido
- B) Será admitida de forma parcial, indicando a parte da información que se vai a omitir na resposta
- C) Non será admitida a trámite, de forma motivada
- D) Pedirase ao solicitante que a concrete nun prazo de quince días

65. Segundo o artigo 125 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal das seguintes circunstancias non permite interpor o recurso extraordinario de revisión?:

- A) Que ao ditalos incorreuse en erro de feito, que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente
- B) Que aparezan documentos de valor esencial para a resolución do asunto que, aínda que sexan posteriores, evidencien o erro da resolución recorrida
- C) Que na resolución influísen esencialmente documentos ou testemuños declarados falsos por sentenza xudicial, anterior ou posterior a aquela resolución
- D) As respostas A, B e C son incorrectas

1. Según el artículo 48 del Texto refundido de la ley del estatuto básico del empleado público, aprobado por el Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de octubre, los funcionarios públicos tendrán el siguiente permiso:

- A) Por ser preciso atender el cuidado de un familiar de primer grado y segundo grado, el funcionario tendrá derecho a solicitar una reducción de hasta el cincuenta por ciento de la jornada laboral, con carácter retribuido, por razones de enfermedad muy grave y por el plazo máximo de un mes
- B) Por ser preciso atender el cuidado de un familiar de primer grado, el funcionario tendrá derecho a solicitar una reducción de hasta el cincuenta por ciento de la jornada laboral, con carácter retribuido, por razones de enfermedad muy grave y por el plazo máximo de dos meses
- C) Por ser preciso atender el cuidado de un familiar de primer grado, el funcionario tendrá derecho a solicitar una reducción de hasta el cincuenta por ciento de la jornada laboral, con carácter retribuido, por razones de enfermedad muy grave y por el plazo máximo de un mes
- D) Por ser preciso atender el cuidado de un familiar de primer y segundo grado, el funcionario tendrá derecho a solicitar una reducción de hasta el cincuenta por ciento de la jornada laboral, con carácter retribuido, por razones de enfermedad muy grave y por el plazo máximo de dos meses

2. De acuerdo con el artículo 53 de la Constitución Española de 1978:

- A) Los derechos reconocidos en el Capítulo primero del Título I vinculan a todos los poderes públicos
- B) Los derechos y libertades reconocidos en el Capítulo primero del Título I vinculan a todos los poderes públicos
- C) Los derechos reconocidos en el Capítulo segundo del Título I vinculan a todos los poderes públicos. Sólo por ley, que en todo caso deberá respetar su contenido esencial, podrá regularse el ejercicio de tales derechos y libertades, que se tutelarán de acuerdo con lo previsto en el artículo 161.1.a)
- D) Los derechos reconocidos en el Capítulo segundo del Título I vinculan a todos los poderes públicos. Sólo por ley, que en todo caso deberá respetar su contenido esencial, podrá regularse el ejercicio de derechos y libertades, que se tutelarán de acuerdo con lo previsto en el artículo 161.2.b)

3. ¿Qué tipo de norma aprobó el Estatuto de autonomía de Galicia?:

- A) Un real decreto
- B) Una ley orgánica
- C) Una ley ordinaria
- D) Un decreto-ley

4. De acuerdo con el artículo 19 del Tratado de la Unión Europea, el Tribunal de Justicia de la Unión Europea comprenderá:

- A) El Tribunal de Recursos y el Tribunal de Apelaciones
